

## RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 26 DE XANEIRO DE 2006

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**. Desculpan a súa asistencia o Sr. Fafña Medín e o Sr. Dópico Calvo.

### 1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dando a benvida ao Sr. Juan Caamaño Cebreiro como membro do Consello de Goberno en representación do Consello Social da Universidade da Coruña. Informa dos asuntos tratados na reunión do Consello de Reitores celebrada o día 25 de xaneiro de 2006 en Madrid, concretamente dos informes elaborados pola CRUE en relación co borrador de reforma da Lei orgánica de universidades e tamén da situación actual do proceso de implantación do novo sistema de estudos de grao e de posgrao, analizando un documento remitido pola Secretaría Xeral de Educación en que se establecen as liñas xerais de actuación sobre a materia en cuestión. Igualmente, o Sr. Reitor informa do nomeamento do Sr. Carril Vázquez como novo secretario xeral da Universidade da Coruña, en substitución da Sra. Faraldo Cabana, a quen o Sr. Reitor quere agradecer publicamente o esforzo e o traballo realizados durante o exercicio das súas funcións como secretaria xeral da Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen informa da necesidade de facer algúns cambios na Comisión de Calidade da Universidade da Coruña, precisamente coa finalidade de que sexa máis operativa no cumprimento das súas funcións. Propón cambios na súa composición, que son os que aparecen no **ANEXO II** e agradece o traballo realizado polos membros da anterior comisión. Os cambios en cuestión **apróbanse** por asentimento.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estudantes, quen informa da contratación o pasado mes de decembro de novos traballadores con cargo ao programa LABORA da Xunta de Galicia, sempre para garantir a realización das tarefas de mantemento e apoio nas Aulas NET da Universidade da Coruña. Rematado este proceso, a Vicerreitoría de Estudantes, a través dos diferentes centros da Universidade, fixo neste mes de xaneiro a convocatoria de bolsas para Aulas NET, ascendendo a 100.800 euros o crédito total desta convocatoria. Igualmente, o Sr. Vicerreitor de Estudantes informa da distribución de axudas para viaxes de formación de estudantes. Tamén informa de que, durante os pasados meses de novembro e decembro, as universidades asinaron os oportunos convenios por titulación e por un número determinado de prazas, de tal xeito que, a comezos do mes de febreiro, se abrirá o prazo nacional de solicitudes SICUE para a mobilidade. Conclúe a súa intervención sinalando que a subida de tarifas para transporte urbano da compañía de tranvías da Coruña non

prexudica os estudantes da Universidade da Coruña en posesión da tarxeta universitaria “bono-bus”, pois neste caso concreto o incremento das tarifas foi asumida pola Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica, quen informa da concesión de bolsas Leader-Fadesa.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa do pago na nómina de xaneiro dos complementos autonómicos docentes e de investigación. Tamén informa da convocatoria, polo procedemento de urxencia, dunha praza de interino de substitución P6 para a Área de Didáctica e Organización Escolar, con docencia nas materias Administración e Supervisión de Centros e Organización do Centro Escolar.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa do feito de que os orzamentos xa están cargados e que poden executarse desde o 9 de xaneiro, polo que se felicita o Servizo de Xestión Financeira.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen informa do nomeamento de D.<sup>a</sup> María Ares Sanmartín como xefa de Prensa; do nomeamento de D.<sup>a</sup> María Jesús Manso Revilla como directora do Departamento de Bioloxía Celular e Molecular, tras o cesamento de D.<sup>a</sup> Josefina Méndez Felpeto como directora en funcións do citado Departamento de Bioloxía Celular e Molecular; e do nomeamento de D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Jesús Grela Barreiro como vicexerente da Universidade da Coruña.

## **2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, QUE TIVO LUGAR O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2005**

**Apróbase**, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno do día 19 de decembro de 2005.

## **3. CONVENIOS E CONTRATOS**

O Sr. Secretario Xeral informa sobre os 45 convenios que figuran no **ANEXO III**, clasificados en convenios marco, convenios específicos e convenios para prácticas.

Os convenios son **aprobados** por asentimento.

## **4. LICENZAS E COMISIÓNS DE SERVIZOS**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre as solicitudes de licenzas para os efectos de docencia e de investigación de D.<sup>a</sup> Marta Penas Centeno (Departamento de Computación da Facultade de Informática), do 1 de marzo de 2006 até o 30 de setembro de 2006, de D. Marcos Lado Liñares (Departamento de Ciencias da Navegación e da

Terra), do 10 de xaneiro de 2006 até o 10 de xullo de 2006, e de D. Oscar Loureda Lamas (Departamento de Filoloxía Española e Latina) do 1 de febreiro de 2006 até o 1 de xuño de 2006.

**Apróbase** por asentimento as licenzas.

O Sr. Vicerreitor de Profesorado tamén informa sobre a solicitude de comisión de servizos de D. Juan Ramón Ferreiro Galguera (Departamento de Dereito Público Especial), do 1 de xaneiro de 2006 até o 31 de decembro de 2006.

A concesión da comisión de servizos **apróbase** por asentimento.

## **5. PROPOSTA DE PROGRAMAS OFICIAIS DE POSGRAO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A CONVOCATORIA**

Despois de agradecer publicamente o intenso traballo realizado por todas aquelas persoas que participaron no proceso de elaboración de propostas de títulos de Máster, especialmente aos decanos e directores de centro, o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea informa detalladamente das propostas de títulos de Máster presentadas ao abeiro da convocatoria feita pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia a través da circular do director xeral de Calidade e Ordenación Universitaria.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan os Sres. Fernández Cervantes, Rodríguez Fernández, Casabella López, Casteleiro Maldonado, González López e a Sra. López Fernández.

A proposta de programas oficiais de posgrao, cuxa relación pode consultarse no **ANEXO IV**, **apróbase** por asentimento.

## **6. ADHESIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA Á DECLARACIÓN DE BERLÍN SOBRE ACCESO ABERTO AO COÑECEMENTO**

A Sra. Vicerreitora de Investigación proponlle ao Consello de Goberno a adhesión da Universidade da Coruña á Declaración de Berlín sobre o acceso aberto ao coñecemento, despois de explicar na súa intervención a orixe, o contido e a finalidade desta declaración.

A adhesión á declaración en cuestión, cuxo texto figura no **ANEXO V**, **apróbase** por unanimidade.

## **7. PROGRAMA DE PROMOCIÓN DO PDI HABILITADO**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa detalladamente do programa de promoción do persoal docente e investigador habilitado, que trae causa do feito de que a promoción do persoal docente e investigador é un dos obxectivos principais dos órganos de goberno da Universidade da Coruña. Trátase, sempre segundo o Sr. Vicerreitor de Profesorado, dun programa estable que ten como finalidade básica establecer as bases e os criterios de promoción do profesorado.

Ábrase un debate en que participan os Sres. Puertas Agudo, Cao Abad, Vidal Romaní, Arcay Varela, Casteleiro Maldonado, Soraluze Blond, González López e Casabella López.

Na votación acádase a prol da aprobación unha maioría de 26 votos favorables, fronte a 6 abstencións e ningún voto en contra.

O programa de promoción do personal docente e investigador habilitado, cuxo texto figura no **ANEXO VI** xas coas modificacións suxeridas no debate, **apróbese** por maioría.

## **8. MEDIDAS INCENTIVADORAS DA XUBILACIÓN VOLUNTARIA DOS MEMBROS DOS CORPOS DOCENTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Profesorado para explicar os motivos que xustifican a adopción deste tipo de medidas e indica que foi elaborado tendo en conta o xa aprobado neste mesmo sentido noutras universidades, aínda que axustándose en todo momento á realidade da Universidade da Coruña. O Sr. Vicerreitor de Profesorado tamén informa que esta proposta de medidas incentivadoras da xubilación voluntaria conta co aval unánime de todas as centrais sindicais.

Ábrese un debate en que interveñen os Sres. Casabella López, Casteleiro Maldonado, Vidal Romaní e González López.

As medidas incentivadoras para a xubilación voluntaria do profesorado dos corpos docentes universitarios da Universidade da Coruña, cuxo texto figura no **ANEXO VII** xa coas modificacións suxeridas durante o debate, **apróbanse** por asentimento, cunha abstención.

## **9. PRAZAS DE PROFESORADO**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa da relación de oito prazas (sete de profesor contratado doutor e unha de profesor colaborador), convocadas todas elas en cumprimento do establecido na disposición transitoria terceira dos Estatutos da Universidade da Coruña.

**Apróbase** por asentimento a relación de prazas en cuestión.

## **10. MÁSTERS, POSGRAOS E CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN**

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa das propostas sobre másters, posgraos e cursos de especialización. **Aprobáanse** por asentimento todas as propostas, agás as relativas á implantación do Curso de Posgrao en Interpretación do Patrimonio Natural e Cultural e á flexibilización das condicións de acceso tanto para o Curso de Especialización en Administración Inmobiliaria como para o Curso de Especialización de Xestión de Fincas Urbanas e Rústicas.

## **11. REGULAMENTOS INTERNOS DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA, EU DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA E DO DEPARTAMENTO DE ANÁLISE ECONÓMICA E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS. CORRECCIÓN DE ERRO NO REGULAMENTO DO DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS**

Os regulamentos internos da Facultade de Socioloxía, EU de Enfermaría e Podoloxía e do Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas, cuxos textos se atopan no **ANEXO VIII**, **apróbase** por asentimento.

O Sr. Secretario Xeral informa do procedemento aberto para corrixir as eivas legais advertidas pola Asesoría Xurídica da Universidade da Coruña no regulamento do Departamento de Matemáticas.

## **12. QUENDA ABERTA DE INTERVENCIÓNS**

O Sr. Casteleiro Maldonado pide a palabra para insistir na necesidade de que se adopten todas as medidas necesarias para evitar os riscos de accidentes de tráfico provocados polo exceso de velocidade dalgúns condutores no Campus de Elviña. O vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental contesta que xa se puxo en contacto co Concello da Coruña, que é a entidade competente sobre a materia, para que adopte as medidas oportunas.

O Sr. Fernández Cervantes solicita, sempre coa finalidade de preservar a imaxe pública da Universidade da Coruña, que os traballadores das empresas que realizan as súas tarefas en instalacións da Universidade da Coruña desenvolvan o seu traballo de conformidade co que esixe a Lei de prevención de riscos laborais. O Sr. Reitor informa de que a Universidade da Coruña esixe a todas as empresas que traballan nas súas instalacións o cumprimento íntegro do esixido pola Lei de prevención de riscos laborais, mais non só por tratarse dunha cuestión de imaxe, senón tamén, fundamentalmente, de saúde laboral dos traballadores.

A Sra. López Fernández pregunta en nome da súa xunta de centro como se atopa actualmente o tema do cambio por soterramento de localización das liñas de alta tensión pegadas á Facultade de Filoloxía. O Sr. Reitor informa que se trata dun problema cuxa resolución só está pendente da sinatura do correspondente convenio coas entidades responsables. A Sra. López Fernández tamén formula una suxestión sobre a posibilidade de desprazar o lugar de parada actual dos autobuses na Facultade de Filoloxía para evitaren problemas de circulación.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.30 horas. De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e praxe do Sr. Presidente.

V.º e praxe

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

José María Barja Pérez

Xosé Manuel Carril Vázquez